

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Alonso Carrera, Jaime
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Caballero Rúa, Armando
Fernández Souto, Ana Belén
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma
Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES

Barreiro Rodríguez, Rocío
Silveira Valledor, Manuel
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

López Atrio, María Laura
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Fernández Suárez, Emilio Manuel
López Díaz, María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de abril de dous mil doce, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día **23 de abril de 2012**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesións ordinaria do 23 de marzo de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario escolar do curso académico 2012/2013.
4. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.
5. Nomeamento da Comisión interna Programa DOCENTIA.
6. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2012-2013.
7. Aprobación, se procede, da proposta da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, para a fixación dunha taxa para a realización das probas de aptitude para o acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
8. Aprobación, se procede, dos importes e aplicación para a incorporación de remanentes de libre disposición.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e o Memorial University (Canadá).
10. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesións ordinaria do 23 de marzo de 2012.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para dicir que se recibiu unha aclaración por parte do Prof. Bienvenido Diez, quen solicita a inclusión na acta da súa intervención no punto de rogos e preguntas. Pedía, no nome do Comité de PDI laboral, a inclusión dun representante sindical na Comisión de Reclamacións e tamén que haxa representación sindical nos

concursos de profesor contratado doutor. E que, por outra banda, a petición dos sindicatos UXT e CCOO, mostrar o seu malestar polo funcionamento da mesa do PDI pola falta de negociación e o escaso prazo para estudar a documentación.

Acéptase a inclusión.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para expoñer as cuestións máis relevantes do último mes e sobre os seguintes aspectos:

Sobre a última sesión do Consello Galego de Universidades, celebrado o día 28 de marzo, o reitor di que:

- Aprobouse por unanimidade o informe sobre o anteproxecto da Lei de Fomento da Investigación e a Innovación en Galicia.
- As universidades galegas están representadas na Axencia Galega de Innovación polo Reitor da Universidade de Vigo. A Axencia Galega de Innovación constituíuse o día 18 de abril.
- A Xunta presentou o anteproxecto da Lei do SUG: votamos a favor, xa que incorporaron moitas das nosas suxestións. Aínda así, fixemos algunhas alegacións adicionais ao texto.
- Sobre o decreto de titulacións, o reitor informa que se suxeriu á Xunta de Galicia que faga unha instrución para non recibir nin activar novas titulacións de grao ata ter discutido no CGU o procedemento para abrir o mapa de titulacións de grao.

A este respecto, o reitor sinala que tivo lugar unha xuntanza na Secretaría Xeral de Universidades o pasado venres día 20, á que asistiu a vicerreitora de profesorado, e na que recibimos a seguinte información:

Respecto á planificación dos másteres no curso académico 2012/13, o reitor di:

- Que nos próximos días enviarán ás universidades unha especie de instrucións. O máis salientable é que o día 20 de setembro as universidades deben enviar á Secretaría Xeral a relación do número de estudantes matriculados por máster.
- Que nunha próxima xuntanza coas universidades, os días 24 ou 25 de setembro, analizarase esta información a nivel SUG, en particular o caso dos másteres interuniversitarios, así como outras posibles situacións excepcionais.
- Que se poderán empezar as clases nos másteres que previamente ao 20 de setembro acadaran os 20 matriculados (10 nos casos dos chamados másteres

de investigación). En caso contrario, hai que esperar á decisión final posterior a esa xuntanza.

- Que na convocatoria de matrícula se debe informar de que o máster podería non impartirse e de que o comezo das clases está supeditado ao requisito do número mínimo de matriculados (20/10).

Respecto ás titulacións a impartir en 2013/14, o reitor expón:

- Programas de doutoramento: adaptación ao Decreto 99/2011 de doutoramento para o curso 2013/14 (presentación de propostas en novembro 2012).
- Másteres: reorganización da oferta actual; requisitos do decreto de titulacións da Xunta (presentación de propostas en novembro 2012).
- Graos: é preciso facer unha análise global a nivel SUG da oferta actual de títulos de grao. Para iso, constituirase un grupo de traballo nese sentido, no que se defina unha folla de ruta para facer o estudo do mapa actual (enviarán unha instrución nese sentido). Este traballo farase ao longo deste ano, polo que a autorización de novos graos para o curso 2013/14 (memorias presentadas en novembro 2012, segundo o decreto) será moi excepcional e quedará limitada a situacións como:
 - * Liñas de especialización nun campus.
 - * Fusión/reordenación da oferta actual.
 - * Modificacións dos existentes.

O reitor sinala que se vixiará estritamente o cumprimento de todos os requisitos de pertinencia socioeconómica e de viabilidade contemplados no decreto.

Por último, o reitor di que a novidade principal foi a publicación do Real decreto-lei 14/2012, de 21 de abril, sobre medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. O reitor fai un resumo do Real Decreto e di que:

- Algunhas medidas, como as relativas á estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, xa as viñamos aplicando.
- Respecto das taxas de matrícula, que falta coñecer a base sobre a que se calculan as porcentaxes e que se estableza a posible subida dentro das marxes do decreto.
- Respecto da dedicación do profesorado, que é preciso recibir instrucións sobre a contabilización de ECTS na dedicación dun profesor

O reitor informa que está estudando a súa implementación e que a forma de aplicación debe ser debatida e discutida polas universidades e co goberno autonómico. Que hoxe mesmo van comezar as conversas e negociacións co conselleiro de Educación, para

defender que as medidas teñan o mínimo impacto posible na vida académica e universitaria. O reitor remata dicindo que é prematuro valorar sen coñecer previamente cal é a posición do goberno autonómico.

Punto 3. Aprobación, se procede, do calendario escolar do curso académico 2012/2013.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen comeza informando que se presentan dúas propostas de calendario académico do curso 2012/2013.

- Proposta que será de aplicación para o Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín, onde se imparte o Grao en Enxeñaría Mecánica.
- Proposta de calendario académico para as titulacións de grao, posgrao e titulacións que se extinguen.

Solicita habilitación para denominar calendario académico, pois en numerosos documentos figura calendario escolar; se pretende a uniformización da denominación con outras universidades españolas.

Respecto ao calendario do centro adscrito Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín, a secretaria xeral expón as razóns polas que o calendario académico é diferente: porque ten a súa propia organización docente académica, universitaria e militar e tamén instrución e adestramento; as directrices veñen marcadas polo Ministerio de Defensa e obriga a ter un calendario propio que se expón na documentación achegada aos membros do Consello de Goberno.

Sométese a aprobación o calendario escolar do Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín.

Aprobación por asentimento.

Seguidamente, no que se refire ao calendario escolar para as restantes titulacións impartidas na Universidade de Vigo, a secretaria xeral sinala que será o vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade o que expoña o marco temporal no que se desenvolve a planificación das diferentes actividades académicas.

Non obstante, quere destacar que o calendario é unha aposta conxunta da secretaria xeral e o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade; que se recolleron as suxestións que os equipos directivos e algúns representantes fixeron chegar á Secretaría Xeral; facilitouse o borrador, o cal foi obxecto de discusión por campus e cos decanos dos distintos centros, tamén cos representantes dos alumnos no Consello de Goberno; en consecuencia, que se intentou plasmar e conciliar nun documento único os distintos intereses. Tamén se mantiveron conversacións con xestión académica para paliar posibles inconvenientes en materia de matrícula. As modificacións que se propoñen requirirá modificar substancialmente as datas de matrícula, o que haberá de ter en conta coa debida antelación. Probablemente a matrícula se deberá realizar no mes de agosto.

A continuación o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade, quen comeza dicindo que o calendario que presenta á consideración deste Consello de Goberno non ten nada de sorprendente, é o calendario ao que chegamos pouco a pouco dende que, non fai tanto, o curso se iniciaba xa avanzado o mes de outubro, había unha avaliación en setembro, etc. Que houbo unha transición que nos levou ata aquí, unha vez que xa estamos formalmente integrados en Bolonia coa implantación avanzada da maioría das novas titulacións de grao. Que quixera lembrar os dous motivos fundamentais que nos levaron ata aquí:

1º. Procurar unha estruturación máis racional e sinxela da actividade académica, onde os períodos de actividade e inactividade se sucedan sen interferir distorsionando a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2º. Ser consecuentes coas esixencias das metodoloxías docentes derivadas de Bolonia:

- A planificación global de todo o traballo a desenvolver polo alumnado (ECTS).
- O predominio da avaliación continua, tal e como se recolle no novo Estatuto do Estudante. Co que se debe tender a atenuar a sucesión cíclica de estudo-exame.
- A titorización e o seguimento que require un proceso no que cada estudante ten que ser quen de controlar a súa propia formación, na que o denominado “traballo autónomo” do estudante forma parte substancial.

O vicerreitor di que ao seu xuízo, partindo do plantexamento do proceso de ensinanza-aprendizaxe como algo continuo, no que os roles de profesorado e alumnado se solapan, e que ten que ser considerado globalmente para a súa planificación, o calendario que se presenta facilita todo isto: e un calendario ao que chegamos paulatinamente e que na súa estrutura fundamental debería ter continuidade nos próximos cursos.

O vicerreitor continúa dicindo que a actividade cuadrimestral queda concentrada e sen demasiadas discontinuidades. Que, entre o final das actividades propiamente ditas e o final do curso, se abre un período no que o estudante que non adquirira as competencias durante o período docente “normal”, non ten por que quedar desamparado e sen titorización ou seguimento o traballo que desenvolve de cara á avaliación de xullo.

Noutro orden de cousas, o vicerreitor destaca a autonomía dos centros para, dentro do esquema que marca o calendario, organizar toda a súa actividade como mellor conveña: clases, prácticas, avaliacións, etc. Opina que, particularmente, é neste aspecto, na autonomía organizativa dos centros, por onde se podería avanzar en futuros calendarios, máis que nas cuestións estruturais. Non obstante, di que, por agora, non cre que conveña aumentar o nivel de entropía na xestión académica que isto suporía.

O vicerreitor engade que é consciente do traballo dos equipos directivos dos centros, que deben deixar todo listo e en orde a finais de xullo. Isto vai supoñer un pequeno esforzo este ano. Que as persoas responsables da xestión académica están o tanto e preparándose para que todo o proceso de matriculación, de formación de grupos, etc., se realice de forma

adecuada e a tempo. E que e certo, aínda que afecta colateralmente á cuestión, que persiste o problema da incorporación tardía do alumnado de 1º curso que supera a selectividade en setembro.

O vicerreitor, tras recordar aos membros do Consello que teñen como documentación a proposta do calendario, a modo de recordatorio e para facilitar unha visión global expón como se desenvolve o marco temporal, faino mediante soporte informático:

1.- O curso académico abarcará do 3 de setembro de 2012 ao 31 de xullo de 2013.

2.- Establécense dous períodos cuadrimestrais, nos que se desenvolverá toda a actividade docente, dende as actas ás avaliacións a docencia mensual, segundo cada centro.

3.- Establécense as datas de apertura e peche das actas.

Expón o cronograma:

O primeiro cuadrimestre finalizará a actividade fundamental antes do Nadal, a entrega de actas rematará o 15 de xaneiro, co que a primeiros de xaneiro pode quedar algunha actividade residual derivada do primeiro cuadrimestre (publicación de períodos de reclamación de cualificacións, cualificacións provisionais, etc.).

O segundo cuadrimestre iníciase o 8 de xaneiro e remata o 7 de maio, e a data tope de entrega das actas é o día 20.

Ábrese un período no que o estudante pode completar o traballo realizado, acudir a tutorías, etc., de cara á segunda oportunidade de avaliación. As actas definitivas entregaranse como máximo o 24 de xullo.

Para rematar dí que, respecto das titulacións de másteres, as datas de inicio da actividade académica serán determinadas en cada caso, dependendo das circunstancias da súa matriculación.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o Prof. Armando Caballero para dicir que beneficia aos alumnos que van peor en detrimento dos que teñen un mellor rendemento, que a redución do primeiro cuadrimestre é un inconveniente porque en todas as materias hai probas escritas, e non evitará que os estudantes deixen de asistir a clase para preparar os exames. Que tampouco lle satisfai que as clases acaben o 7 de maio; que o calendario das titulacións de másteres teñen que ir coordinados; que a proposta de calendario afecta ás vacacións dos profesores que se ven obrigados a preparar as clases en agosto.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para dicir que conceptualmente a proposta de calendario parécelle razoable, que se inste á Xunta de Galicia a resolver o problema de organizar as probas de selectividade en setembro posto que afecta aos alumnos de primeiro de grao. Continúa facendo valoracións sobre o sistema de avaliación continua, sobre o Regulamento de estudantes e sobre se estes teñen ou non dereito á realización dunha proba

final. Para rematar, suxire que, se é posible, se elabore unha normativa en materia de vacacións estivais que sexa flexible, para que o profesorado poda escoller as vacacións na última semana do mes de xullo (20 de xullo) e última semana do mes de agosto (20 de agosto).

Intervén o Sr. Carlos Mollinedo para solicitar unha ampliación da duración dos cuatrimestres a 17 semanas.

Intervén o Prof. Manuel Gutiérrez para dicir que consultaron a proposta do calendario no centro e tamén aos alumnos, que opinan maioritariamente que prefiren o calendario do ano en curso: 16 semanas de docencia e logo dúas semanas de exames, aínda que teñan menos tempo para xullo. Que o maior problema é que a docencia estará moi comprimida nas 14 semanas, tendo que compaxinar as prácticas en moitas materias coa teoría. Solicitan que se poidan manter os dous calendarios e que os centros elixan segundo as súas preferencias; co tempo estudar cal das dúas opcións dá mellores resultados para poder decidir, se é necesario, un calendario único.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que o calendario é un calendario laboral e non foi discutido na mesa de negociación. Traslada a proposta do sindicato CIG, na que solicita que se considere o luns logo das vacacións de Pascua non lectivo para favorecer a conciliación laboral e familiar. Que apoia a proposta de elaboración dunha normativa que permita escoller o mes de vacacións nun mes diferente ao mes de agosto.

Intervén o Sr. Manuel Silveira para dicir que participaron nas negociacións do calendario e que, aínda que non se recolleron todas as suxestións, lle deron o seu apoio a algunhas melloras. E que ten que ser coherente coa reunión.

Intervén o Sr. Federico Fernández para solicitar que sexa non lectivo o luns logo das vacacións de Pascua por motivos de conciliación familiar. Pregunta polo sistema de matrícula e polas negociacións coa Xunta para liquidar o problema da selectividade en setembro.

Intervén o vicerreitor de Docencia e Alumnado para contestar que o que se presenta é un calendario académico e non un calendario laboral, que se o alumnado deixa de ir a clase en período de exames é que hai un problema metodolóxico e non de calendario.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para dicir que, no caso dos másteres interuniversitarios, as universidades deben traballar coordinadas. A data será decidida na Comisión de Posgrao.

Intervén o reitor respondendo a algunhas das intervencións. Sinala, que a proposta de calendario foi presentada por campus e aos diferentes equipos directivos dos centros e os representantes dos estudantes. Insiste en que non se trata de aprobar un calendario laboral, se non académico, que os calendarios laborais seguen os ritmos condicionados pola normativa estatutaria da función pública e solicita que se aprobe a proposta presentada.

Sométese a votación:

Votos a favor: 26

Votos en contra: 6

Abstencións: 2

Apróbase o calendario do curso académico 2012/2013 recollido no **Anexo I**.

Punto 4. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade quen comeza informando que o pasado 10 de decembro se publicou o R.D. 1707/2011, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Sinala, que este decreto establece unha serie de condicións moi detalladas en canto: ao tipo de prácticas (curriculares e extracurriculares); á duración; á obrigatoriedade dun proxecto formativo, tanto para prácticas curriculares como extracurriculares; á titorización para ambas entidades, tanto onde se realizan as prácticas coma na universidade; á acreditación das prácticas realizadas; e outra serie de cuestións.

O vicerreitor di que isto nos obriga a presentar un novo modelo de Convenio de Cooperación Educativa para a realización de prácticas externas do alumnado da nosa universidade e adaptado ás novas esixencias do R.D. Este modelo servirá para a necesaria renovación dos actuais convenios e para a sinatura de novos convenios. Que hai que ter en conta que hai bastantes centros que teñen que ofrecer prácticas externas por primeira vez ao seu alumnado o vindeiro curso. A aprobación deste modelo serviralles para traballar neste sentido. Que este é o primeiro documento que se refire á realización de prácticas externas e completárase cunha normativa que esperamos que pronto estará lista e cos procedementos necesarios que a acompañen.

O vicerreitor remata dicindo que os membros do Consello de Goberno dispoñen do modelo de convenio, o cal ten o informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento o documento recollido no **Anexo II**.

Punto 5. Nomeamento da Comisión interna Programa D●CENTIA.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade quen comeza informado que dentro dos criterios e directrices europeas para a garantía da calidade no EEES que marca ENQA (Axencia Europea de Calidade) está a garantía da calidade do profesorado. Neste contexto, a ACSUG xunto coa ANECA e outras axencias crearon o Programa Docentia co obxecto de apoiar ás universidades no deseño de mecanismos propios para xestionar a calidade da actividade docente do profesorado e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento. Di que cada universidade é responsable da avaliación da calidade do seu profesorado.

Continúa informando que o Programa Docencia supón unha avaliación quinquenal do profesorado que, no caso da Universidade de Vigo, se combina coas avaliacións anuais (VAD e EAD). Que no ano 2010 se fixo unha convocatoria experimental de Docencia na Universidade de Vigo, na que a participación foi voluntaria. Aquela convocatoria rematou co informe de resultados emitidos pola ACSUG no ano 2011. Que o procedemento aprobado no seu día para realizar a avaliación da actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo dentro de Docencia incluía a formación dunha Comisión Interna coas funcións básicas de:

- Velar polo cumprimento do programa poñendo ou demandado os mecanismos para levalo a cabo.
- Propoñer os comités de avaliación docente de cada ámbito ou rama de coñecemento.
- Analizar resultados, publicalos, establecer propostas de mellora en función deses resultados, etc.

O vicerreitor di que na primeira convocatoria experimental se decidiu que fora a COAP a que interinamente asumira as funcións desta Comisión. Con vistas a unha nova convocatoria de Docencia, o vicerreitor considera que se fai necesario a constitución efectiva desta Comisión Interna, acabando coa interinidade coa que a COAP exercía as súas funcións. Segundo o procedemento os membros son nomeados polo reitor e son os seguintes:

- Presidente ou presidenta: o vicerreitor ou vicerreitora con competencias en calidade.
- Vogais:
 - O vicerreitor ou vicerreitora con competencia en materias de organización académica e profesorado.
 - O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en titulacións.
 - O director ou directora da Área de Calidade (secretaria).
 - Técnico ou técnica responsable da avaliación docente na área (con voz pero sen voto).
 - Un profesor ou profesora por cada ámbito científico, que exercerá a presidencia do comité de cada ámbito científico e que serán propostos polo órgano competente.
 - Un PAS proposto polos seus representantes no Consello de Goberno.
 - Dous estudantes propostos polos seus representantes no Consello de Goberno.

Ademais dos membros natos, os propostos polos seus representantes son:

PAS: D. Carlos Mollinedo.

Estudantes:

Como vogais do profesorado, xa que, segundo o procedemento, foron nomeados por un mínimo de 3 anos, propónse a ratificación dos actuais presidentes e presidentas das comisións de ámbito, os cales teñen que seguir exercendo a presidencia:

Ámbito tecnolóxico: D. Antonio García Pino.

Ámbito científico: D. Luís Muñoz López.

Ámbito xurídico-social: Dna. Isabel Diéguez Castrillón

No ámbito humanístico, xa que era o actual vicerreitor quen presidía a Comisión de avaliación de ámbito e debe pasar a presidir a Comisión interna xeral, suxerimos a este Consello de Goberno que propoña a quen exerceu as funcións de secretaria na Comisión de avaliación do ámbito humanístico a Profesora Dna. Susana Reboreda Morillo

Intervén o Prf. Bienvenido Diez para propoñer que haxa unha representación sindical con voz pero sen voto.

O reitor respóndelle que descoñece se a esixencia é compatible co procedemento. Intervén o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade para explicar que o procedemento está en fase de revisión e que hai aspectos que compre actualizar polo que cabería a posibilidade de asumir a proposta do Prof. Diez.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que descoñecía a proposta, que bota de menos que non se consultara co seu grupo; que, aínda que non hai razón de fondo para reprobala, se se opoñen á proposta.

O reitor responde que é unha proposta de trámite, que a comisión está composta polas mesmas persoas que viñan traballando.

Procédese á votación:

Votos a favor: 28

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Apróbase por maioría.

Punto 6. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2012-2013.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen pasa a expoñer e solicitar a aprobación da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o vindeiro curso. O vicerreitor di que a convocatoria é idéntica á do curso pasado, salvo en que as residencias de O Castro en Vigo e As Burgas en Ourense pediron o incremento do IPC, o que se traduce nunha suba duns 6 ou 7 euros. Pide habilitación para corrixir un erro na convocatoria respecto as prazas ofertadas na residencia de Allariz no Campus de Ourense.

Apróbase por asentimento a convocatoria recollida no **Anexo III**.

Punto 7. Aprobación, se procede, da proposta da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, para a fixación dunha taxa para a realización das probas de aptitude para o acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen pasa a expoñer a proposta da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de fixar unha taxa de 63,67 euros máis 6 euros en concepto de seguro, para a realización das probas de aptitude para o acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos importes e aplicación para a incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen pasa a expoñer a solicitude de autorización para a incorporación con cargo ao remanente de libre disposición o importe de 623'33 euros, na partida orzamentaria do contrato programa “Desenvolvemento de fármacos antitumorais”, tal e como figura na documentación recollida no **Anexo IV**.

Punto 9. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e o Memorial University (Canadá).

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que o PDI laboral da CIG e os membros da AGPT se adhíren ás manifestacións que fixeron os compañeiros de UXT e CCOO, sobre a necesidade dun representante sindical nas prazas de contratado doutor, e na opinión sobre o funcionamento da mesa de negociación que se fixo constancia ao comezo da acta.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para pedir que se arbitren medidas para garantir o cumprimento da recomendación do Tribunal de Garantías, en orde a que os profesores

interesados na saída a concurso dunha praza de profesorado non participen na decisión do Consello de Departamento sobre a proposta de composición do tribunal.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para dicir que o primeiro escollo é porse de acordo sobre o significado e alcance que haberá de outorgarse ao termo “interesado”.

Intervén o Sr. Carlos Mollinedo para dicir que as medidas de control da folga deben ser efectivas por parte da Xerencia, e que hai que controlar a permanencia, non só a firma.

Intervén o Sr. Federico Fernández para dicir que unha cousa é que o persoal de conserxería controle o acceso ao centro e outra cousa ben distinta é que deba controlar a asistencia.


Intervén a Sra. Saleta Vidal Rodríguez para preguntar pola postura da Universidade fronte ao incremento das taxas.

Responde o reitor que o equipo de goberno se opón á suba das taxas. Estase traballando coa Xunta para que se, por imperativo legal, temos que aplicar o decreto, este teña o menor impacto posible ñas taxas, de xeito que só supoñan un axuste de prezos mínimo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:05 horas do día 23 de abril de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

 M^a. Inmaculada Valeije Álvarez